


*O incendio das palabras*, galardoado co 25 premio Cidade de Ourense, é o noveno libro de poemas da autoría de Román Raña. Nace polo tanto baixo auspiciosos números, toda vez que o 9, na cábala, corresponde ao home sabio, ao que é portador da luz que alumeará o camiño. Foi o seu carácter afirmativo, expresado con fermosas e suxerentes imaxes e oxímoros, que queren verbalizar o que é paradoxicamente inefábel, o que o fixo merecedor do premio.

Un sentimento de comunión cósmica e de amor panteísta ecoa por estes versos, nos que a presenza da morte non vén máis que a afirmar o milagre do eterno renacer, a exultación dionisiaca, o cántico ardente e solar, pois se é certo que toda criatura é mortal e efémera, tamén é verdade que non hai ningún impedimento para a palabra, ningunha morte que a afecte, pois a Palabra crea o universo das ideas no que habitamos. Dende a solaina do presente, Raña mira para a infancia co anxeo de construír con ela a patria e futuro. Así, a auroral e inocente claridade da nenez convertécese no atemporal territorio recuperado



## Panteísmo dionisiaco

Dos incendios e das palabras

ÁNXELES PENAS

con "fatigosa alegría" A fatiga, xa sabemos, é a dos anos que o trouxeron ata a metade da vida e polos que pasaron dores e perdas, pero que é case un imperativo ético transformar en alegría. Se un día tivo "todo o trigo nas mans" é dicir, todo o esplendor

frutal e xenesiaco, "toda a claridade do verán", agora manda a obriga de seguir ardeando, de devolver os dons recibidos e comunicar a luz.

Os rotundos versos do primeiro poema resumen a filosofía do libro, toda a intensidade lírica que contén, e parece que todo se tingue desa nivea luz e que non haxa escuridade nin abismo aos que non poida chegar. A luz desterra para sempre a morte e as palabras fanse mensaxeiras dela, pois nacen preñadas do "lume do ceo." As sílabas fixéronse carne, a carne fíxose sílabas, a luz inundou-no todo, de tal xeito que os versos só poden ser mensaxeiros da afirmación máis absoluta da vida e que —como cantara Quevedo— hai algo máis forte que a morte, un ardor que "perdura" alén do alén da es-

pultura", fermosa aliteración cuxa musicalidade de fonemas líquidos e vibrantes abre coma levedante e lixeira á que pode voar alén das idades.

O poeta non se engana, coñece a voz dos mortos, o perfume mortal das flores, pero polo mesmo quere recuperar os tesouros agochados, os que quedaron sulgados baixo as augas do recordo; quere sobreporse a ese destino mortal para falar "polos canos dun idioma infinito" e sumarse amorosamente a toda a creación, pois ata "as chuvas e os relampagos son letras do meu nome".

Un sentimento de totalidade, de panteísmo dionisiaco enche o poemario: as mans xúnguense co ceo, os ollos fanse garzas, o sangue, pinga a pinga, pode escribir todas as bibliotecas do mundo ou todas elas están no sangue; os dedos son fontes, o corpo e mapa e a infancia deixaron a inmensa parede para encher cos graffiti das palabras. Vida e morte están comunicadas; o poeta quere mastigar a terra, que afoga aos mortos, para que estes respiren e se bauticen de xúbilo. Pois non hai amor que non teña afán de eternidade e aínda que "queima os dicionarios", un pode facer doazón de si para que revivian os antergos.

RAÑA, Román, *O incendio das palabras*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 12 €

## Terras de noso

Catro roteiros literarios

ESTRO MONTAÑA

Edicións A Nosa Terra vén de entregarnos unha achega de catro volumes: *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; *A Terra do Medio*, da man de Xosé Vázquez Pintor; *Terra de Iria*, asinado polo poeta de Manselle, Anxo Angueira; e *Baixo Miño*, de Marta Dacosta. Trátase de catro libríños cheos de rigor e de fonda sentimentalidade. Marilar Aleixandre guíanos por unha Compostela antiga, plenamente harmónica coas aportacións de Álvaro Siza, César Portela, César Coll ou Helio Piñón, que viñeron deixar a súa pegada ao lado de recoñecidos arquitectos coma Domingo de Andrade, arquitecto

ros do aire, todos eles épicos visionarios de Lalín, labregos orgullosos que conservan as cantigas que namoran aos poetas, memoria de feiras, de grandes fragas e pedras humildes. O seu é un recordo de tempos pobres, onde había unha riqueza que xa se perdeu.

Da Iria dos cóngos chéganos a palabra de Anxo Angueira, que fai un exercicio de contención nun texto sobrio. Envolto na bandeira rosaliana, a pé ou en coche, Angueira é un claro exemplo de que a mellor viaxe é a de quen viviu de cerca a realidade, a do que, unha vez lonxe, sentiu a nostalgia da terra e logo volveu para face-

la súa plenamente. Toda a riqueza histórica, arqueolóxica, literaria, todos os detalles da natureza están neste texto que nos fala do río, dos pescadores en meco ou buxo que balaban na dorna, dos labregos que sementan a terra mentres outros pasean entre brancas camelias, dos



barroco con obras tan sobranceiras coma a Casa da Parra ou a Torre do Reloxo, tan amada por Cunqueiro. Estamos nun territorio estremecido de emoción pola sombra de Xelmírez, de Urraca, de Rosalía...

O verbo acoso de Vázquez Pintor, que ten versos esculpidos en pedra sacra, ao carón dunha fermosa igrexa de Melide, lévamos polas terras do centro xeográfico de Galicia. Con el volven a nós o arrecendo do viño, as chairas de canteo, as mazorcas esfoladas con riso e moito traballo nas noites de invernia. Vellos oficios, mosteiros, científicos e cabalei-

eres anónimos que desde os seus traballos procuraron cambiar a Historia.

E sobre o Baixo Miño, Marta Dacosta ofrécenos unha guía moi actualizada con citas de Manuel Forcadela, Álvarez Blázquez, ou Eliseo Alonso. É o seu un estudo no que non falta unha análise crítica das forzas destrutoras da paisaxe, unha reivindicación dos lazos que unen as dúas beiras do "pastor de ríos", e unha análise moi suxestiva do patrimonio que gardan as ribeiras miñotas.

DACOSTA, Marta, *Baixo Miño*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2009, PVP 7,80 €

## Edición imprescindible

Vento de Cabanillas

XOSÉ FEIXÓ

Que Ramón Cabanillas é un dos poetas de raza e de referencia da poesía e da literatura galega ninguén o pon en dúbida, así como que foi o herdeiro e continuador natural das tres senlleiras figuras das nosas letras: Rosalía, Curos e Ponda, pois conseguiu darlle continuidade ao Rexurdimento do XIX, que deixara un baleiro, sen imitolo e conectado coas correntes europeas da época.

Que, ademais, Cabanillas foi plenamente aceptado por todo o abano galeguista é tamén innegable, a pesar das diferenzas do seu credo con personalidades destacadas despois da Guerra Civil, da súa permanencia en España e da adaptación á vida cotiá. Non é extraño, neste sentido, que, ao pouco de morrer, o propio grupo Brais Pinto (Berce, entre outras, doutra innegable figura das letras galegas, Xosé Luís Méndez Ferrín) fose quen lle rendese a primeira homenaxe que se lle fixo.

Sendo así, a súa obra contou con numerosas edicións, entre elas dúas edicións da súa poesía completa: a primeira en 1959, publicada polo centro galego de Bos Aires, e a segunda de 1979-1981, preparada polo profe-

sor Xesús Alonso Montero.

Agora, ao se cumpriren cincuenta anos do seu pasamento, Edicións Xerais vén de publicar unha terceira e cuase definitiva edición, preparada polos profesores Xosé Ramón Pena e Xosé María

Dobaro. E dicimos cuase definitiva porque pouco máis se poderá achegar a esta edición concienzudamente preparada, en parte debedora, como é lóxico, dos esforzos previos feitos no seu día por Carballo Calero, Fernández del Riego e Alonso Montero.

En efecto, agora están practicamente apuntados todos os textos na súa primeira aparición, fose en libro ou publicación periódica, permitindo así a correcta cronoloxía da creación poética e a inequívoca análise da súa evolución. Figuran ademais, nesta edición, certo número de poemas que nunca antes foran recollidos en libro ningún. E, por último, adáptase a lingua orixinal á actual, respectando sempre, como non podía ser doutra maneira, a

métrica e o galego orixinal do cambadés.

Isto, que dito así podería parecer un labor sinxelo, tratándose de Cabanillas, debeu supoñer un esforzo enorme para os editores, pois o poeta, e máis nos tres primeiros poemarios (*No desterro*, *Vento mareiro* - libro variado no que pode enxergarse todo Cabanillas - e *Da Terra asoballada*), moveu moitos poemas dun libro para outro. Por iso, de engadido, é de agradecer a Táboa de Correspondencias que determina a cronoloxía de cada composición.

Nesta excelente edición poderemos percorrer pois, con seguridade, as creacións desta figura senlleira da poesía galega que plasmou as bases do galeguismo histórico. Na súa obra están artisticamente impresas as preocupacións das Irmandades da Fala, de Antón Villar Ponte e de Vicente Risco, do nacionalismo nacente e do movemento agrarista de Basilio Álvarez. Poderemos gozar, pausadamente, do mundo mítico-patriótico que maxinou, do seu particular intimismo saudosista, e do seu retrato das condicións de vida das clases populares. Resulta superfluo engadir que se trata dun libro imprescindible en cada fogar.

CABANILLAS, Ramón, *Poesía galega completa* (ed. X.R. Pena/X.M. Dobaro), Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVE 34 €

